

## **Informe sobre prevención de Riscos Laborais no Obradoiro ABOBRIGA promovido polo Concello de Ribadavia.**

O módulo de prevención de riscos laborais estaba enfocado a prevención de riscos en xardinería. Amais dos alumnos de xardinería sumáronse a clase os de carpintería e albanería.

No primeiro contacto decátome que este módulo non poderá se explicado de xeito específico para ningún dos grupos xa que os de xardinería me din que están realizando traballos forestais e non de xardinería (o máis curioso é que ó longo do día vin uns traballadores nun parque e ó preguntar si eran os xardineiros respondéronme que non, que eran da brigada forestal do Concello). Trátase non só dun fraude a Xunta de Galicia, que é quen financia o obradoiro, senón tamén ós propios traballadores.

FAcabamos vendo os riscos xerais e finalmente analizando, vía debate, os demais riscos que lles afectaban a cada un dos colectivos. Coido que, neste senso, a clase foi moi interesante, ó percibiren os alumnos numerosas anomalías no desenvolvemento da súa actividade. Son as seguintes:

- Gafas protectoras de baixa calidade que reducen a visibilidade
- Botas de seguridade que pasan auga
- Inexistencia de botas de seguridade anticorte para a manipulación de desbrozadoras e motoserras
- Tampouco dispón de mandil e manguitos para realizar estas mesmas tarefas.
- Fundas de baixa calidade xa que distinguen, non protexen dunha simple picadura de ortigas, non son cerradas nas extremidades nin no pescozo (dándose caso de picaduras de insectos con elas postas), etc.
- Amais, algúns alumnos, din que lles falta a parte superior da mesma, outros a inferior, algúns camisetas, botas,...
- Non dispón de equipo de protección para o frío, agora que polas mañás xa fai falla.
- Aseguran ter traballado na vía pública sen ningún tipo de sinalización, pois non dispón da mesma.
- Tampouco teñen a roupa de alta visibilidade esixida para este tipo de labores.
- No obradoiro escasean os arneses véndose na obriga de compartilos entre os distintos grupos (albanería e xardinería, ou mellor dito: forestal)
- Traballan con máquinas que fan ruído (especialmente en carpintería e forestal) sen que ninguén dispoña de tampóns ou cascos para os oídos que protexan dos trastornos que este pode provocar.
- Outras máquinas, fonte de ruído, como un compresor, non permanecen illadas.
- Nos traballos deforestación as mulleres cargan con pesos superiores ós permitidos para mulleres, de xeito continuo (as desbrozadoras pesan máis de 15 Kg., carga de rastrollos, etc.)
- As luvas que utilizan tamén son de baixa calidade, non protexendo suficientemente das arestas ou das picaduras da vexetación.
- Dispón dunha caseta (módulo de obra) sen ventilación e sen vestiarios (sobra engadir que non hai vestiarios para ámbolos dous sexos, non hai para ninguén)
- O grupo de albanería di ter traballado con materiais perigosos como o amianto, sen dispor dos equipos necesarios para estes traballos nin, por suposto, a formación, xa que este tipo de labores están reservadas para empresas especializadas.
- Non dispón de medidas de extinción de incendios (un extintor para poder apagar unha máquina que se poña a arder, por exemplo) nin, moito menos, nocións básicas de como se manipulan este tipo de aparellos.

- As caixas de urxencias están incompletas (algunhas delas o único que contén é unha botella de alcohol e auga osixenada)
- Moitas veces, o grupo que realiza traballos forestais, están incomunicados, O monitor acércaos a obra e déixaos alí, non dispendo de ningún medio para desplazarse no suposto dunha emerxencia.
- Etc.

En Ourense, a 29 de novembro de 2009

Xosé Antón Vázquez Dorrió